



sema-monica alonso

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO


Do 6 ó 30 de xuño

Praza da Soidade s/n
27001 Lugo
Telf. 982 242 112
www.museolugo.org

sema

Sema é un novo prototipo de Cápsula Terapéutica deseñada por Comfortworld

Unha Cápsula de Illamento deseñada para reencontrarnos con nós mesmos. Sema está indicada para eses momentos nos que sentimos que algo se parou na nosa vida, e queremos que volva a poñerse en movemento: traballo, amor, saúde, diñeiro, sexo, relax...




ESTRUCTURA DE SEMA:

- 1 Ascensor
- 2 Corredor purificador
- 3 Punto terapia color
- 4 Aseo
- 5 Piscina
- 6 Envoltura total por pantalla terapéutica

NUNCA IMAXINACHES CHEGAR A VIVIR ALGO ASÍ

Sema, como prototipo de espacio totalmente interior, está contido dentro dun Edificio Orbital. Cando a Cápsula Sema é habitada esta inicia o movemento orbital que potencia o pracer interior. A cápsula Sema cumpre un ansiado soño do ser humano, iniciar viaxes ó espacio exterior. A cápsula pode despegarse da estrutura orbital que a contén e iniciar así a viaxe. A combinación do deseño interior da cápsula, o movemento orbital e a viaxe opcional, fan que a experiencia que presenta hoxe Comfortworld sexa única no mercado.



SEMA funciona baseándose na cor e movemento, trata os estados de bloqueo ocasionais no ser humano. Sendo conscientes do estado de bloqueo, tan só debemos elixir a cor que cremos precisar e iniciar o tratamento Sema.

TEMPO DE DURACIÓN:
Sema é unha terapia de choque polo que a permanencia en tempo real non debe superar 24 horas, baixando en intervalos sempre controlados polo equipo de profesionais.

BENVIDO A SEMA BENVIDO Ó EDIFICIO ORBITAL DESEÑADO POR COMFORTWORLD

ELIXA ENTRE AS CORES OFERTADAS A QUE CRE QUE PRECISA.
Se se sente confuso no proceso de elección sempre pode consultar ós especialistas en psicoespacio de Comfortworld.

comfortworld@company.as

